



**CAMPIONATO GALEGO PISTA**  
**ALEVÍN, INFANTIL, XUVENIL, JUNIOR e SENIOR**  
**2008**

A proposta do Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade, convócase o Campionato Galego de Patinaxe de Velocidade en Pista, temporada 2008, masculino e feminino para as seguintes categorías:

<b>MINI</b>	(nacidos 2001 e posteriores)
<b>BENXAMÍN</b>	(nacidos 1999 – 2000)
<b>ALEVÍN</b>	(nacidos 1997 – 1998)
<b>INFANTIL</b>	(nacidos 1995 – 1996)
<b>XUVENIL</b>	(nacidos 1993 - 1994).
<b>JUNIOR</b>	(nacidos 1991 - 1992).
<b>SENIOR</b>	(nacidos 1990 e anteriores)

**AS IDADES DOS PARTICIPANTES DEBERÁN ACREDITARSE OBRIGATORIAMENTE, POR MEDIO DA PRESENTACIÓN DO D.N.I. OU DO PASAPORTE INDIVIDUAL, QUE SERÁ ENTREGADO NA MESA DA SECRETARÍA COA LICENCIA FEDERATIVA.**

**EN NINGÚN CASO SERÁ ACEPTADO O LIBRO DE FAMILIA NIN O RESGARDO ORDINARIO DO D.N.I., NIN FOTOCOPIAS DO PASAPORTE OU D.N.I.**

**O INCUMPRIMENTO DESTE REQUISITO DETERMINARÁ A NON PARTICIPACIÓN DOS CORREDORES QUE O INCUMPLAN.**

**1º.- LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN**

Celebrarase na Coruña, os días 5 e 6 de abril de 2008, na Pista de Adormideras de piso de cemento pulido e con 150 mts. de corda.



FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

## 2º.- PARTICIPACIÓN

Para participar neste Campionato, serán requisitos indispensables:

- ✓ A posesión da licenza federativa do ano en curso.
- ✓ Estar comprendido entre as idades especificadas para a categoría.

AS LICENCIAS FEDERATIVAS DEBEN ENTREGARSE NA MESA DA SECRETARÍA 30 MINUTOS ANTES DO COMEZO DAS PROBAS, O INCUMPRIMENTO DESTE REQUISITO DETERMINARÁ A NON PARTICIPACIÓN DOS CORREDORES QUE O INCUMPLAN.

## 3º .- INSCRIPCIÓNS

As inscricións deberán obrar no poder da Federación Galega de Patinaxe antes das 20:00 h. do día 31 de Marzo (luns) do ano corrente (no documento do anexo I, seguindo as instrucións do anexo II), **NON SENDO ADMITIDA AS INSCRIPCIÓNS QUE CHEGUEN CON POSTERIORIDADE.**



**FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE**

**4º.- DISTANCIAS:**

<i>CATEGORÍA</i>	<i>MASCULINO</i>	<i>FEMININO</i>
<b>MINI</b>	150 m Sprint 300 m Liña	150 m Sprint 300 m Liña
<b>BENXAMÍN</b>	300 m Sprint 500 m Sprint 1000 m Liña	300 m Sprint 500 m Sprint 1000 m Liña
<b>ALEVÍN</b>	300 m Sprint 1000 m Liña 2000 m Liña	300 m Sprint 1000 m Liña 2000 m Liña
<b>INFANTIL</b>	300 m Sprint 1500 m Liña 3000 m Ptos	300 m Sprint 1500 m Liña 3000 m Ptos
<b>XUVENIL</b>	300 m Contrareloxo 500 m Sprint 3000 m Puntos 5000 m Eliminación	300 m Contrareloxo 500 m Sprint 3000 m Puntos 5000 m Eliminación
<b>JUNIOR</b>	300 m Contrareloxo 1000 m Liña 10.000 m Puntos/Eliminación 15000 m Eliminación 3000 m Relevos á Americana Absoluto	300 m Contrareloxo 1000 m Liña 10.000 m Puntos/Eliminación 10.000 m Eliminación 3000 m Relevos á Americana Absoluto
<b>SENIOR</b>	300 m Contrareloxo 1000 m Liña 10.000 m Puntos/Eliminación 15000 m Eliminación 3000 m Relevos á Americana Absoluto	300 m Contrareloxo 1000 m Liña 10.000 m Puntos/Eliminación 10.000 m Eliminación 3000 m Relevos á Americana Absoluto

**O PROGRAMA ENVIARASE UNHA VEZ ELABORADO**

Tódalas carreiras poderán disputarse co patín tradicional ou patín en liña.

O Comité Galego de Patinaxe de Velocidade reserva o dereito de variar este programa



## FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

### **5º.- INCOMPARECENCIAS**

Todo/a corredor/a que, despois de efectuar a inscrición para o Campionato Galego, desexe retirarse, deberá informar á Federación Galega de Patinaxe, polo menos con CORENTA E OITO HORAS de anticipación antes do inicio da competición. Dita retirada será aceptada só en casos excepcionales, que estimará o COMITÉ DE COMPETICIÓN previa aportación de probas documentales, procedendo no caso contrario a abrir o correspondente expediente sancionador.

### **6º .- ENTREGA DOS TROFEOS**

Na entrega dos Trofeos, será obligatoria a comparecencia dos corredores/as que gañaron ese dereito, debidamente uniformados có seu equipo de competición regulamentario. O corredor/a que se presente en condicións distintas ás establecidas no párrafo anterior, non poderá acceder ó Podium para retirar os seus trofeos.

### **7º .- CLASIFICACIÓNS**

Para obter o título de Campeón Autonómico de Patinaxe de Velocidade en Pista, sumaránse os puntos obtidos nas probas oficiais (a excepción de Relevos á Americana), tendo en conta para dita suma, as dous probas das categorías mini, as tres probas de categoría benxamín, alevín e infantil, as catro probas das categorías xuvenil, junior e senior.

### **8º .- DISPOSICIÓNS FINAIS**

Tódolos corredores/as deberán presentarse na liña de saída co equipo completo, presentables e co material de patinaxe en perfecto estado, sendo obrigatorio o uso de casco protector modelo integral, mentras permanezan no interior do Circuito. Non se admiten cascos con protuberancias aerodinámicas.



Avda. de Glasgow, 13  
Complejo Deportivo Elviña  
Teléfono: 981.130.994- Fax: 981.134.183  
15008 - La Coruña  
[WWW.fgpatinaje.com](http://WWW.fgpatinaje.com)

## FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

A Federación Galega de Patinaxe declina toda responsabilidade en caso de accidente, tanto no desplazamento como na competición.

As reclamacións deberán entregarse na mesa da Secretaría 15 minutos despois do fin da carreira.

Non se interrompirá ó Xuíz Árbitro na competición, tódalas reclamacións ou preguntas faránse por escrito e serán presentadas na mesa da Secretaría.

Ningún patinador, entrenador, delegado ou membro dun Clube cruzará ou permanecerá no recinto do circuito/pista que delimite o Xuíz Árbitro sen autorización dalgún dos xuíces, o incumprimento deste artigo levará consigo unha sanción posterior.

Nas probas só pode haber un delegado por Clube (que deberá poseer a licenza federativa en vigor).

Todo o non previsto nas normas deste Comunicado, rexirase conforme ó disposto nas Normas de Patinaxe de Velocidade da Federación Galega de Patinaxe, no Regulamento de Competicións da Federación Española e nos Estatutos da Federación Galega de Patinaxe.

En caso de accidente, os patinadores deberán ser trasladados ós centros hospitalarios cubertos polo seguro de accidentes en A Coruña, que se expoñen a continuación:

INSTITUTO POLICLÍNICO SANTA TERESA

Peñarredonda, 4. Tlf: 981 21 98 10

INSTITUTO MÉDICO-QUIRÚRXICO SAN RAFAEL.

Las Jubías, 82. Tlf: 981 17 90 00

SANATORIO QUIRÚRXICO MODELO

Virrey Osorio, 30. Tlf: 981 14 73 00

A Coruña, 20 de marzo de 2008.